

Xosé Manuel Portela Fernández, presidente da Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos comunícalle que, na reunión realizada o día 29 de outubro de 2015 acordouse, por unanimidade das/dos presentes, aceptar a proposta de modificación parcial da RPT e o calendario para a execución de convocatorias de promoción interna decisión condicionada á votación que se realizará nas asembleas que convocaremos en Ferrol, o mércores día 4 de novembro e na Coruña, o xoves día 5 de novembro.

A proposta que aceptamos coas correccións que realizamos (en azul) é a seguinte

MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT


- Os únicos postos das escalas especiais que quedarían solo adscritos ao subgrupo A1 serían:

- Letrada/o
- Arquitecto/a

O resto de postos das escalas especiais quedan abertos a dous subgrupos seguíndose o seguinte criterio:

- A1 A1/A2
- A2 A2/C1
- C1 C1/C2
- C2 C2/E-AP

No primeiro semestre do ano 2016 realizarase unha modificación parcial da RPT que contemple a asignación dos postos de traballo que proceda ao Grupo B, previsto no Artigo 76 do Estatuto Básico do Empregado Público e no Artigo 42 e na Disposición adicional quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



Xunta de Persoal de Administración e Servizos

- O posto 192 da OTRI pasa a xornada de mañá, coa correspondente modificación do complemento específico.
- Mantense a estruturación en áreas do SIC segundo a proposta do 28 de abril.
- A acreditación de competencias lingüísticas na ORI queda establecida segundo a proposta do 28 de abril.
- Adáptase a denominación da unidades do Servizo de Investigación conforme a proposta do 28 de abril.
- Créanse os seguintes postos, por reconversión doutros tantos vacantes, conforme á proposta do 28 de abril:
 - Xefatura de negociado de análise de custos no Servizo de Xestión Financeira
 - Posto base na ORI
 - Técnico de proxectos europeos na OTRI

2.- CALENDARIO PARA A EXECUCIÓN DE CONVOCATORIAS DE PROMOCIÓN INTERNA.

Co obxecto de continuar coa execución do proceso de Funcionarización acordado o 13 de xullo de 2012, de avanzar nos procesos de promoción interna tanto das escalas xerais canto especiais nun marco temporal razoable en termos orzamentarios e de capacidade de xestión, e considerando que no segundo cuadrimestre de 2016 deberase convocar o correspondente concurso de vacantes, proponse o seguinte calendario de traballo, que deberá reflectirse nas correspondentes ofertas de emprego público:

ANO 2016:

Oferta e convocatoria durante o primeiro trimestre de 2016 dos procesos correspondentes:

- Aos extintos grupos laborais 4A e 4B funcionarizados nas correspondentes subescalas especiais
- as 37 prazas da escala xeral C2 a C1
- a 2 prazas da escala xeral C1 a A2
- a 2 prazas da escala xeral A2 a A1
- a 36 prazas de auxiliar técnico de biblioteca C1 a A2
- a 30 prazas de bibliotecaria/o A2 a A1



Xunta de Persoal de Administración e Servizos

ANO 2017:

No primeiro trimestre realizarase a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas do SIC. E persoal funcionarizado no ano 2015

ANO 2018:

No primeiro trimestre realizarase a oferta e convocatoria da promoción interna das restantes prazas das subescalas especiais, agás as de laboratorio.

ANO 2019

No primeiro trimestre realizarase a oferta e convocatoria da promoción interna das prazas das subescalas de Laboratorio.

Atentamente.

A Coruña, 30 de outubro de 2015

Asdo.: Xosé Manuel Portela Fernández

Pte da Xunta de Persoal de PAS funcionario